



## FICHA RESUME

Ano	2009	PE410A 2009/5-1
Entidade	CONFRARÍA DE MUROS	
Plan explotación <sup>(1)</sup>	POLIQUETOS.	
Réxime <sup>(2)</sup>	AUTORIZACIÓN E LIBRE MARISQUEO.	
Modalidade <sup>(3)</sup>	A PÉ.	

Especies	<i>Lumbrinereis impatiens, Hediste deversicolor, Arenicola marina, ...</i>
Ambito do plan	De punta Insua a punta Uhía.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de Explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
8		
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	50 (do 16 de marzo ao 30 de xuño e do 1 ao 30 de outubro)										
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup>											
Modalidade <sup>(3)</sup> A pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
		X	X	X	X				X		

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé (Exemplares/mariscador/día)	Embarcación	Tripulante/ habilitación
<i>Lumbrinereis impatiens</i>	800 en total		
<i>Hediste deversicolor</i>			
<i>Arenicola marina</i>			

Artes a empregar	Extracción a pé de xeito manual.
------------------	----------------------------------

Puntos de control	Ancoradoiro, Praia da Virxen, Praia de Abelleira e Praia de Esteiro.
Puntos de venda	Puntos de venda autorizado.



## Outras consideracións

### Participantes:

No plan inclúense 8 mariscadoras da confraría de Muros (zona IV) e un da confraría de Lira (zona V)

O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, no seu artigo 18º sinala que "No *permiso de explotación para o marisqueo a pé* farase **constar a zona de extracción permitida, xa sexa ésta de libre marisqueo ou sometida a autorización administrativa; (...)**".

A Orde do 8 de abril de 1994 pola que se regula a obtención do permiso de explotación para *exerce-la actividade pesqueira e marisqueira*. No seu artigo 10º.1 recolle que "Con carácter xeral, o permiso de explotación para o marisqueo a pé **habilitará a *exerce-la actividade nas zonas marisqueiras marítimo-terrestres, de acordo coa distribución xeográfica especificada no anexo III***". Esta mesma precisión mantense na súa literalidade -salvo o cambio de anexo III por anexo V- no artigo 10º.1 da Orde do 31 de maio de 1995 pola que se regula a expedición e revalidación do permiso de explotación para *exerce-la actividade pesqueira e marisqueira* (DOG núm. 125, do 30 de xuño de 1995), que derroga a Orde do 8 de abril de 1994, actualmente en vigor polo que se refire ao marisqueo a pé. Posteriormente, o anexo V, foi substituído polo anexo VIII a través da Orde do 6 de abril de 2004 (DOG núm. 68, do 7 de abril de 2004).

Así o anexo VIII indica que:

Zona IV. Muros: dende o paralelo que pasa por punta Sieira ata o paralelo que pasa por punta Insua (no que está incluído o ámbito da confraría de Muros).

Zona V. Fisterra: dende o paralelo que pasa por punta Insua ata o paralelo que pasa por cabo Touriñán (no que está incluído o ámbito da confraría de Lira).

Polo tanto, tendo en conta isto o titular do permiso de marisqueo a pé cuia zona é a zona V, **non poderá ser incluído no plan de explotación desta entidade.**

Finalmente, segundo o artigo 4º da Orde 6 de febreiro de 1998, pola que se regula a extracción de poliquetos, todas aquelas persoas que queiran dedicarse á extracción de poliquetos deberán figurar nun plan de explotación ademais de estar en posesión do permiso de explotación.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.